Ordes IV, 1, Boado, Antonio 71 anos

CD 12, 6

- R. IV - (Transcripción según IV, 2, 220)

IV,1,248.

1) Xacobiño da Portela    A    (6) IV 116 IV 120
i-acába de se casar
con Carmela da Furada,
a mais guapa do lughar.

2) Xacobo era listo,    B
un gran veterano,
pero ó casarse
levou un gran petardo.

2) Pensou que Carmela    B
estaba cillera,
e a pobr'andaba
de mala maneira.

2) Unha tarde de invierno,    A
que facía moito frío,
Carmela e mais Xacobo
topáronse no muíño.

3) E aquela tarde    B
Xacobo contento
tratou con Carmela
i-o seu casamento.

3) Per'à Carmeliña    B
xa estaba arreghlada
e o pobre Xacobo
non sabía nada.

3) Ó cabo de catro días    A
que de casados levaban
alá pola media noite
Carmela púxose mala,

4) e o pobre Xacobo    B
tirouse da cama.
"¿Qué tés Carmeliña
miña nemorada?."

DO PATRIMONIO ARQUIVO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

Ordes IV, 1, Boado, Antonio 71 anos

CD 12, 6

- R. IV -

IV,1, 3) "Eu non sei que teño B
nin que poido ter
~~sei que vou morrer.~~
Vola polo médico,
Xacobo, a correr.

4) ~~10~~) Pero antes de marchar A
traim'unha pouca manteiga
pa fregharll'esta barriga
que me doi qu'é unha meigha.

~~11~~) Xacobo descalzo, B
mortiño de frío,
catorc'escaleiras
saltounas dun brinco.

~~12~~) Abreu a lacena, B
colleu a manteiga
e de tanta prisa
rompeu a pucheira.

5) ~~13~~) Xacobo, tod'apurado, A
colleu unha presa chea
e chorand'ó pobre home
foi pa xunto da Carmela.

~~14~~) "Frótame, frótame, B
Carmela decía,
aprétame ben
de baixo pra riba.

~~15~~) Eu non sei que teño B
na miña barrigha:
dolores tan grandes
~~nos~~ tiven na vida."

16) Despois das freghiñas dadas A 4. (o pobre)
Xacobo todo aporado
foi o pobre polo médico,
que chegou de contado.

**Ordes IV, 1, Boado, Antonio 71 anos**

C.D 12, 6

\- R. IV -

IV,1,

17) Mirouna con xeito, B
por baix'e por riba,
ó ver como estaba
pegháball'a risa.

18) Xacobo chorando B
moi triste decía:
"fághall'o que poida
por salvarll'a vida."

7) 19) "Esta rapaza está ben, A
por hoxe non hai peligro,
porque o mal que ela tén
e un mal moi conocido.

20) Este mal é corto B
pero é moi claro
porque a rapaza
ándalle de parto."

8) 21) "Señor doctor, non se engañe A
dixo Xacobo enseguida,
porque o que usté me dí
creo que será mentira.

22) Solo catro días B
que levo casado,
¿cómo pode ser
que ande de parto?."

9 23) "Pois esto éche verdá, A
tén pacencia, Xacobiño,
que nacéndoche na casa,
pois sempre será teu fillo."

24) "Eu non quero nada, B
contestou Xacobo,
alá a miña soghra
que cargue con todo.

ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

Ordes IV, 1, Boado, Antonio 71 anos

CD 12, 6

- R. IV -

IV,1,295. ~~25)~~ Ela tivo a culpa — B
qu'eu fora casado,
sabendo qu´a filla
tiña contrabando."

10) ~~26)~~ Carmeliña dou a luz — A
de un meniño moi ghuapo,
e co seu chorar decía
"Xacobo, vaim´arrolando."

~~27)~~ Pero o Xacobo — B
marchouse de casa,
tan siquiera quixo — (e)
mirarlle pra cara.

~~28)~~ Arreglou as cousas, — B
fois´a Venezuela
e deixou quedar
á pobre Carmela.